

A REDE WIFI MUNICIPAL DE CORCUBIÓN: UNHA ALTERNATIVA DEMOCRÁTICA DE ACCESO A INTERNET

▪ CONCELLO DE CORCUBIÓN. ALGUNHAS CARACTERÍSTICAS FÍSICAS E ECONÓMICAS.

Corcubión é un municipio galego situado na comarca de Nemancos, no occidente da capital de Galiza. Ten unha extensión de apenas 6,58 km², cunha poboación de 1887 habitantes e unha densidade de 298,48 hab/km². O Concello de Corcubión caracterízase polo peso das administracións públicas na actividade económica o que determina ser a vila cabeceira administrativa do partido xudicial do seu nome. O orzamento municipal anda por volta de 1.500.000 € (1).

O Concello de Corcubión dispón de un ratio de 1 punto de acceso libre á Internet por cada 85 habitantes.

▪ CONEXIÓN A INTERNET SEN FÍO

O beneficio principal das redes WiFi e WiMAX é posibilitar a conexión á Internet en áreas ou rexións onde non existe infraestrutura de tendido telefónico por non resultar atractivas ás teleoperadoras pola baixa rendabilidade. Por esta razón a tecnoloxía sen fío para redes de conexión á Internet proporciona a difusión deste servizo en zonas periféricas sen desenvolvemento, influenciando directamente na melloría das telecomunicacións do país e consecuentemente no seu desenvolvemento.

▪ A REDE WIFI

Wi-Fi é unha marca rexistrada da Wi-Fi Alliance, que é utilizada por produtos certificados que pertencen á clase de dispositivos de rede local sen fío (WLAN) baseados no padrón IEEE 802.11. Polo relacionamento íntimo co padrón do mesmo nome, o termo Wi-Fi é usado frecuentemente como sinónimo para a tecnoloxía IEEE 802.11.

Para se ter acceso á internet a través de rede Wi-Fi débese estar no radio de acción ou área de influencia dun punto de acceso (normalmente coñecido por *hotspot*) ou local público onde opere a rede sen fío e usar un dispositivo móbil, como computador portátil, *Tablet PC*, PDA ou *Smartphone*, con capacidade de comunicación sen fío.

O *Hotspot* Wi-Fi é necesario para establecer un punto de acceso para conexión á Internet. O punto de acceso transmite o sinal sen fío nunha pequena distancia, sobre os 100 metros. Cando un periférico que permite "Wi-Fi", como un PC, encontra un *hotspot*, o periférico pode no momento conectarse á rede sen fío. Moitos *hotspots* están localizados en lugares que son accesíbeis ao público, como aeroportos, cafés, hoteis e librarías. Moitas casas e oficinas tamén teñen redes "Wi-Fi".

Actualmente, practicamente todos os computadores portateis veñen de fábrica con dispositivos para rede sen fíos no padrón Wi-Fi. O que antes era accesorio estase tornando obrigatorio, principalmente debido ao efecto da redución do custo de fabricación.

As redes WiMAX son unha evolución do padrón Wi-Fi, que xa está bastante difundido, porén agrega coñecementos e recursos máis recentes, logrando un mellor desempeño de comunicación.

Podemos esperar que en pouco tempo poidamos utilizar a Internet como se usa a telefonía celular hoje, polo que a tendencia é mellorar aínda máis esta tecnoloxía.

▪ A REGULACIÓN LEGAL DAS REDES SEN FÍO

Para poder operar unha rede WiFi ou WiMAX municipal é necesario que o Concello tramite ente a Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT) a alta como operador. Esta Comisión é un Organismo Público dotado de personalidade xurídica ante o que se debe tramitar a alta. A Comisión ten por obxecto o establecemento e supervisión das obrigas específicas que deben cumprir os operadores nos mercados de telecomunicacións e o fomento da competencia nos mercados dos servizos audiovisuais, consoante o previsto pola súa normativa reguladora, a resolución dos conflitos entre os operadores e, no seu caso, o exercicio como órgano arbitral das controversias entre os mesmos (artigo 48.2 da Lei 32/2003) (2).

Despois de anos multando as distintas iniciativas pioneiras neste tipo de servizo, a CMT abre a porta para que os concellos que se apunten ao seu rexistro poidan ofrecer navegación gratuita, en determinadas condicións, a unha velocidade máxima de 256 Kbps.

Ao final comézase a entender que ofrecer conectividade como un servizo básico para a cidadanía non debe ser algo perseguido senon só regulamentado. É razoábel que haxa una velocidade máxima para que as administracións públicas non se convirtna na competencia das teleoperadoras, senón que ofrezan o mínimo que toda comunidade precisa: conectividade para acceso a servizos básicos (información, comunicación) e que inciden directamente en dúas áreas clave, como son a produtividade e o atractivo como lugar de traballo e o turismo.

▪ EPÍLOGO

A situación hoxe é que este tipo de tecnoloxía está aínda en fase de desenvolvemento e pendente de acadar unha operatividade satisfactoria, tanto no aspecto técnico como no legal.

No que atinxe ao aspecto técnico podemos afirmar que presenta moitos problemas de operatividade o que fai que a rede ante determinados fenomenos metereolóxicos tenda a presentar problemas até quedar temporalmente inoperativa.

Polo que afecta ao ámbito legal parece que este aspecto, non menor, está en vías de solución cunha norma clara e definida até hoxe non existente.

Con todo, e malia os problemas anteriormente expostos, é incuestionábel o facto de seren redes de instalación e mantemento de baixo custo que permiten un servizo básico de acceso a Internet. Ao ritmo que avanza a tecnoloxía non ha tardar o día en que este tipo de redes funcionen con plena estabilidade nun marco normativo ben definido. Hoxe en día, non son unha alternativa ao ADSL, máis cumpren dignamente a súa función de acceso básico e democrático á Rede global, evitando deste modo a fenda tecnolóxica entre o medio urbano desenvolvido e o rural.

Norberto Pais Redonda
AEDL-Concello de Corcubión

NOTAS:

(1) Vid. www.corcubion.info

(2) Vid. <http://blogcmt.com/2010/04/12/redes-de-telecos-y-wifi-una-propuesta-de-regulacion-para-las-aa-pp/>